

Bo día

Presidente, autoridades, irmandiñas, irmandiños, amigas e amigos

Gustaríame subliñar, seguindo as referencias que esta asemblea fai ao I Congreso de Dereito Galego do que se celebra o seu 50 aniversario, que unha das conclusións do citado congreso inclúe, toda vez que a cuestión excede do ámbito do dereito galego, elevar unha petición aos órganos da nación para que se modifiquen as disposicións vixentes necesarias coa fin de que a muller casada poida comparecer en xuízo cando sexa demandada sen necesidade de habilitación xudicial para a defensa dos bens parafernais e da sociedade legal de gananciais, así como para que cesen as limitacións existentes no que atinxe a súa capacidade mercantil.

Isto levoume a reflexionar sobre o papel da muller, e mais concretamente sobre o papel da muller nas profesións xurídicas, reflexións que agora comparto con vós.

Malia que unha das representacións tradicionalmente mais estendida da xustiza é unha muller cos ollos tapados cun pano, as profesións xurídicas foron tradicionalmente un eido controlado polo xénero masculino. Apenas podemos contabilizar 4 ou 5 mulleres asistentes ao Congreso de 1972 e, non, ningunha actuou como relatora. Estas profesións están ligadas ao exercicio e a visibilización do poder social: serven para xestionar e determinar os límites da legalidade e da ilegalidade, e polo tanto, o control e o castigo e foron consideradas profesións propias dos homes (“cousas de homes”) ao atribuírselle os rasgos de firmeza, forza e autoridade considerados mais propios do xénero masculino ca do feminino, reproducindo así os estereotipos de xénero imperantes na visión do mundo en todos os demais ámbitos da vida social.

Na antiga Roma, hai mais de 2.000 anos, Ulpiano manifesta no Digesto que as mulleres están apartadas de todas as funcións civís e públicas e non poden ser xuízas, nin ter maxistratura, nin actuar como avogadas nin actuar en representación de alguén nin ser procuradoras.

Na Constitución de Diocleciano e Maximiano, recollida no Código de Justiniano, manifestábase que: “É sabido que é oficio de homes e alleo á natureza da muller tomar ao seu cargo a defensa de outro”.

Segundo varios autores, Carfania é considerada a primeira muller avogada da historia ao ser a primeira que fixo unha intervención para defender os intereses de terceiros e non os seus propios. Tal debeu ser a súa ousadía, e tal o rebumbio que debeu causar na época, que provocou a emisión dun edicto corroborando a prohibición expresa de facer tal cousa e que define a Carfania como “unha muller moi descarada que, ao actuar sen pudor como avogada e importunar ao maxistrado” provoca a emisión deste edicto.

Na época medieval, con Alfonso X O Sabio, nas 7 partidas se establecía que “ningunha muller, aínda que fose sabedora, pode ser avogada en xuízo por outro e iso por 2 razóns:

A primeira porque non é conveniente nin honesta cousa que a muller tome oficio de varón estando publicamente envolta cos homes para razoar por outro.

A segunda porque antigamente o prohibiron os sabios por unha muller que dicían Califurnia”, en clara referencia a Carfania.

Tamén se lles prohibe ser xuízas “ a non ser que fosen raíñas ou condesas, e sempre acompañadas por un consello de homes sabios”.

Tamén o Fuero Real recolle estas prohibicións.

En España a muller non logrou acceder á universidade ata o século XIX. A orixe desta tardía incorporación non foi tanto unha prohibición como unha falta de regulación. Tal era a convicción dos poderes públicos de que o sitio da muller estaba dentro da súa casa que non se regulou o acceso das mesmas as institucións académicas superiores. Esta falta de regulación propiciou que algunhas accederan aos estudos universitarios, pero ao rematalos viron como se lles denegaba o dereito a examinarse para obter os títulos correspondentes. Ante estes acontecementos, regulouse en 1882 o seu acceso, evidentemente, prohibíndolle as mulleres que se matriculasen nos estudos de ensinanza secundaria e universitaria.

Non foi ata 1910 que se permitiu o seu acceso a universidade pero de maneira “privada” e cando algunha solicitase matrícula oficial se consultaría coa superioridade que decidiría segundo as circunstancias de cada caso e sempre que se garantise polos profesores que a presenza feminina nas aulas non alteraría a orde e non serviría de distracción aos outros estudantes.

Concepción Arenal foi unha das primeiras mulleres en estudar dereito, entre 1841 e 1846 aínda que tivo que facelo como ouvinte e vestida de home.

Pero unha cousa era permitirlle a muller que estudara e outra ben distinta que puidera desenvolver con posterioridade a súa profesión.

A primeira muller avogada colexiada en España foi M^a Asunción Chirivella Marín, que en 1922 se incorporou ao Colexio de Avogados de Valencia.

Clara Campoamor exerceu como avogada na ditadura de Primo de Rivera e xunto con Victoria Kent participarían na elaboración da Constitución Republicana. Victoria Kent foi a primeira muller en vestir a toga na Audiencia de Madrid defendendo a un compañeiro letrado acusado de homicidio imprudente en abril de 1925. Tamén foi a primeira directora xeral de Institucións Penitenciarias. Clara Campoamor tamén destacou no exercicio da profesión, chegando a levar asuntos ante o Tribunal Supremo como o caso dunha muller solteira que exercitaba unha acción de recoñecemento da filiación paterna do seu fillo fronte a un demandado defendido por Alcalá Zamora.

A carreira de ambas as 2 viuse truncada pola guerra civil e sufriron o exilio.

Na segunda República Española permitiuse o acceso da muller as profesións xurídicas (Decreto 29 abril 31 ás notarias e rexistros: Decreto de 6 de maio de 1933 a profesión de procuradora dos tribunais)

No 1934, coa chegada da CEDA ao goberno promulgouse a Orde de 16 de novembro de 1934 que negou de maneira específica o acceso das mulleres á fiscalía e á xudicatura.

En 1961 promulgase a Lei de Dereitos Políticos, profesionais e de traballo das mulleres e se recoñece que a muller pode desenvolver a súa actividade profesional se ben se exceptúa o ingreso na administración de Xustiza nos cargos de maxistradas, xuízas e fiscais salvo nas xurisdicións tutelar de menores e laboral. Esta lei estará en vigor ata 1966. Segundo explica a propia norma, non se lle prohibía “por falta de capacidade nin de responsabilidade senón por unha protección dos seus intereses ante determinadas actuacións que o cumprimento do deber faría ineludibles” ou o que é o mesmo, que a muller non estaba emocionalmente preparada para desenvolver todas funcións propias dunha xuíza. Vólvense reproducir os estereotipos de xénero e o papel

protector e paternalista do estado e todo isto se prohibía, en definitiva, “polo noso ben”.

Cando empecei de pasante hai case 30 anos, nun despacho de Santiago, impresionoume que na orla do director do despacho, dos anos 40, só había unha única muller. Quixen saber mais daquela muller e me informou que era moi boa estudante, bastante reservada, que ía a clase con asiduidade e aproveitamento pero que non participaba da vida social da facultade nin das tertulias de estudantes e moito menos das saídas habituais -un tanto menos académicas- pola rúa do Franco e que cando rematou a carreira non desenvolveu ningunha actividade profesional relacionada co dereito.

A primeira muller colexiada en Galicia foi Alsira Guerrero Barrio, que se incorporou ao Colexio de Pontevedra o 20 de maio de 1943. A primeira muller en formar parte dunha xunta de goberno dun colexio galego foi Mercedes Suárez Díaz no ano 1981 en que accedeu ao cargo de bibliotecaria contadora do Colexio de Avogados da Coruña.

Non é ata a chegada da democracia que se inicia a igualdade plena de dereitos, polo menos no plano formal ou teórico, coa promulgación da Constitución de 1978 que consagra o principio de igualdade e a prohibición de discriminación por razón do sexo. Durante estes 44 anos foise incorporando este principio constitucional ao ordenamento xurídico de maneira particularizada e nos últimos anos fíxose un importante esforzo para a incorporación da perspectiva de xénero dunha maneira transversal, en todos os eidos da sociedade. Podemos dicir que no plano teórico acadamos o obxectivo. Pero podemos dicir o mesmo no plano práctico?

Dende hai anos observamos con naturalidade como o numero de alumnas das facultades de dereito foi igualando e mesmo superando ao de alumnos. A maioría das prazas en materias xurídicas con acceso a través de oposición son ocupadas por mulleres. A ninguén sorprende xa que o numero de xuízas sexa o 60% do total. O acceso ao sector legal prodúcese coa mesma facilidade para as mulleres coma para os homes pero pasado o tempo (hai estudos que o cifran en 6 anos) as mulleres ven como van quedando relegadas dos ascensos e só unha pequena minoría acada postos de dirección. Aínda é noticia que unha muller sexa nomeada decana dun colexio. O colexio ao que pertenzo, Santiago, nos seus 175 anos de historia nunca tivo unha muller Decana. Non foi ata xaneiro de 2016 que unha muller- Victoria Ortega- foi nomeada

Presidenta do Consello Xeral da Avogacía Española. Neste mesmo salón nobre de Fonseca, co gallo de recibir a medalla aos 25 anos de exercicio profesional, escoitei contar a Victoria que as súas compañeiras do Consello Xeral lle regalaron un reloxo coa inscrición “non hai teitos”. Algún día será verdade, continuaba, e conseguiremos a igualdade pola que tanto loitamos moitas mulleres e xa non será noticia porque verase como normal e nos animaba a continuar co traballo en prol da igualdade.

Pero a realidade é que si, si hai teitos e debemos loitar con firmeza para derrubalos. Debe eliminarse o plantexamento preconcebido de que son as mulleres as que priorizan a familia ao traballo, como se espera delas, e que serán elas as que pedirán baixas ou días libres se as necesidades da familia así o require mentres os homes non teñen límites horarios nin cortapisas para desempeñar o traballo a tempo completo.

Cando escoito estas excusas penso que aínda estamos na concepción do home cazador/ provedor e da muller coidadora da prole que imperan dende o tempo das cavernas e que xa vai sendo hora de cambiar o paradigma. O sistema busca sempre a maneira de perpetuarse e malia que os argumentos para a exclusión da muller melloraron dende os romanos seguen a ser manifestacións da mesma concepción machista do mundo.

Moito melloramos neste arduo camiño da igualdade pero queda traballo abondo. Os teitos de cristal existen e afectan as mulleres o que determina unha desigualdade entre homes e mulleres moi marcada nos ámbitos representativos e institucionais, o que contrasta coa maior presenza das mulleres na base da profesión. Podemos mudar esta situación e esta situación mudará, e mudará mais pronto que tarde o que será proveitoso non só para as mulleres senón para o conxunto da sociedade. A xustiza será igualitaria ou non será xustiza.